

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009998	CEIP de Mosteiro-Bembrive	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo nete curso 2023-24, nun centro público de educación infantil e primaria, situado na periferia da cidade de Vigo, CEIP Mosteiro-Bembrive, que conta con zonas verdes e parque forestal. A situación do centro permítenos aproveitar os recursos que nos oferta a contorna.

Este nivel conta cunha soa unidade, un grupo formado por 19 alumnos/as.

A lingua utilizada será o galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A familia e a escola	Ao longo desta primeira unidade do curso trataremos de coñecer a contorna máis próxima aos alumnos/as: a escola e a familia. Realizarán unha pequena árbore xenealóxica a través da indagación e a consulta dos seus seres queridos.	17	10	X		
2	Onde vivo...	Nesta unidade os alumnos tomarán conciencia sobre o coidado da localidade diferenciando entre aldeas, cidades e vilas . Abordarán os diferentes elementos presentes na rúa e os diferentes tipos de rúa . O alumnado identificará o traballo das diferentes persoas que traballan nas rúas Os alumnos tamén traballarán nos diferentes tipos de comercios e os oficios dunha localidade. A educación viaria.	16	14	X		
3	Protexemos a paisaxe	Distintos tipos de paisaxe. A paisaxe natural e humanizada. Coidado da paisaxe.	17	12		X	
4	Coidemos o noso planeta	A auga. O aire. Tempo meteorolóxico.	16	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	O planeta azul	Introduciremos os conceptos básicos da Terra, o Sol e a Lúa.	17	12			X
6	O paso do tempo.	Medimos o tempo: co calendario e co reloxo. - Como cambian as cousas ? PASADO - PRESENTE E FUTURO Coñendo o pasado: nas persoas e nos obxectos: medios de transporte.	17	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A familia e a escola	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	Onde vivo...	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Recoñecer as normas básicas para a convivencia no uso de espazos público.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
3	Protexemos a paisaxe	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais pautados.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos pautados ou guiados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable, despois de ter unhas pautas.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
4	Coidemos o noso planeta	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma axeitada seguindo unhas pautas.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos pautados ou guiados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
5	O planeta azul	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos: o planeta Terra no Sistema Solar.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

UD	Título da UD	Duración
6	O paso do tempo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable despois de ter traballado a unidade.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos e obxectos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

Contidos

- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas. Aproveitaremos a nosa contorna, a estación meteorolóxica instalada no centro e a experimentación con obradoiros de ciencias.

O traballo individual, en pares ou en equipo (principalmente) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

Non se utilizará libro de texto.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador de aula, Ipad de aula e pantalla dixital.
Ordenadores, Ipads, robots, realidade ampliada, bloques de construción... da aula Steam.
Recursos bibliográficos: biblioteca do colexio cedidos a biblioteca de aula, materiais aportados polo alumnado...
Material funxible.
Globo terráqueo
Fichas, maquetas, murais...
Material de refugallo: papeis, caixas...
Estación meteorolóxica do centro.
Espazos do centro e arredores.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe.

As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

Non empregaremos libro de texto, pero si libros, revistas e folletos informativos de cada tema.

O material dixital estará recollido en presentacións en Google drive: cancións, vídeos explicativos, experiencias,

actividades interactivas...

Tamén traballaremos manipulativamente en proxectos de maquetas, murais, experimentos...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: asembleas, test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	16	17	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No referido á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizarei como instrumentos de recollida de información diferentes táboas de indicadores: rúbricas e listas de cotexo. Para cubrilas, empregarei procedementos de avaliación como traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas específicas para cualificar ao alumnado.

A nota final, será a obtida da media ponderada de cada trimestre segundo o seu peso.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- Planificaranse actividades individuais de traballo.

e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta o peso adxudicado nos criterios de avaliación correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X		X	X		X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable			X	X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X			
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas repartidas nos diferentes trimestres	Visitas a museos e/ou diferentes institucións para afondar no aprendizaxe desenvolvido nas UD.			
Percorrido polas dependencias do colexio	Coñecer a distribución do colexio.			
Conmemoracións durante o curso	Participaremos			
Saída hipermercado ou supermercado	Profesións			
Castro de Vigo (centro arqueolóxico)	Pasado			
Evento musical- teatro Afundación.	Manifestacións culturais na contorna.			
Banda de música Helios de Bembrive	Manifestacións culturais da contorna			

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fóra do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Temos programadas saídas e visitas que aínda non coñecemos se poderemos participar en todas. Estaremos abertos/as as posibles achegas de distintos organismos privados ou públicos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Presentación dos contidos. dunha maneira axeitada. Ítems desglosados.
Actividades da aula axeitadas. Ítems.
Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado adecuadas. Ítems.
Avaliación. Ítems.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos e organización da aula axeitados. Ítems.
Medidas de atención á diversidade
Seguimento e control do proceso de ensinanza aprendizaxe adecuado. Ítems
Clima de traballo na aula
Motivación inicial dos alumnos/as conseguida. Ítems desglosados.
Motivación ao longo de todo o proceso conseguido. Ítems desglosados.
Clima de aula axeitado. Ítems.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso

Descrición:

Necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida nunha táboa de recollida de datos de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe seguindo a táboa mencionada, con posibles modificacións se se necesitase.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio

seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados